

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de abril de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D^a. Corina Porro Martínez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día catro de abril de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(256).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(257).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS. EXPTE 11262/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.02.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social do 1.02.05, conformado pola xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, o xefe do Sector e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Bases, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente, que rexerán as subvencións a Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento e mantemento de programas de servizos sociais.

2º.- Comprometer o gasto do programa para o exercicio 2005 con cargo á aplicación 3130.4890000 por importe total de 75.000 € (setenta e cinco mil euros).

BASES CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVICIOS SOCIAIS -CONVOCATORIA 2005

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, no seu artigo 21 atribúelle ós Concellos, entre outras, competencias no fomento dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

A Lei de Servizos Sociais, no seu artigo 5 sistematiza os servizos sociais nas seguintes áreas de actuación:

- *Comunidade*
- *Familia, infancia e xuventude*
- *Minusvalías*
- *Vellez*
- *Muller*
- *Drogodependencias e alcoholismo*
- *Minorías étnicas*
- *Delincuencia e reinserción*
- *Outras problemáticas de inserción social*

Co obxecto de fomentar a iniciativa de Asociacións no ámbito dos servizos sociais, e coadxuvar subsidiariamente ó financiamento de entidades privadas sen ánimo de lucro que presten servizos e programen actividades en beneficio dos colectivos indicados, o Concello de Vigo convoca a concesión conforme ás seguintes bases no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións

Primeira.- Obxecto.

É obxecto da presente convocatoria pública a concesión de axudas económicas a Asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de programas e actuacións de promoción de Servizos sociais mediante a prestación de actividades de carácter preventivo, asistencial e rehabilitador, que teñan implantación en Vigo e efectúen as súas actividades e que cumpran os requisitos que se indican nas bases para o exercicio 2005, en réxime de concorrencia competitiva.

Poderán solicitarse subvencións que se regulan nestas bases as asociacións e entidades, no ámbito dos Servizos Sociais, que estean inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, na Consellería de Servizos Sociais ou de Familia, segundo corresponda, de conformidade co disposto no Decreto 291/95, de 3 de novembro, (DOG nº 218, de 14/11/95), e Orden de 5 de febreiro de 1996, pola que se desenvolve

(DOG nº 35, de 19/02/96) da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Segunda.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a 75.000€

Terceira.- Finalidade.

Contribuír ó financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito da acción social.

As subvencións irán destinadas a cubrir gastos derivados de programas, proxectos e/ou actividades así coma do normal funcionamento e mantemento da entidade, favorecendo as que substitúan ou complementen as propias dos servizos sociais municipais.

Poderase solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.

Dos programas ou actividades subvencionables exclúense as seguintes:

- a) Actividades propias dos clubs deportivos excepto aqueles integrados por practicantes con algunha doenza.
- b) Actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- c) As actividades que teñan canle específico de subvención por parte doutros sectores do Concello.
- d) Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.

Definición de conceptos subvencionables

- Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de electricidade e de auga, teléfono, fax, mantemento de equipos informáticos, etc.
- Non se consideran gastos de funcionamento e mantemento aqueles que supoñan unha inversión: mobiliario, equipos informáticos, equipos audiovisuais, electrodomésticos, teléfonos, móbiles, etc.; polo tanto, non serán aceptados.
- Son gastos derivados dos proxectos, actividades ou programas sociais que leven a cabo as entidades, os orixinados pola realización dunha actividade propia da entidade, contratación de persoal para a realización da mesma ou calquera outro que este directamente relacionado.

Cuarta.- Compatibilidade.

A concesión de subvencións ó amparo da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do programa ou servizo obxecto da subvención.

Serán incompatibles coas que sexan outorgadas ás entidades que xa perciban financiamento municipal, mediante convenio ou outra formula.

Quinta.- Requisitos.

- Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador e con implantación local.

- *Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, na Consellería de Servizos Sociais ou de Familia, segundo corresponda, de conformidade co disposto no Decreto 291/95, de 3 de novembro, (DOG nº 218, de 14/11/95) e Orden de 5 de febreiro de 1996, pola que se desenvolve (DOG nº 35, de 19/02/96) da Xunta de Galicia.*
- *Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nun epígrafe obxecto da convocatoria.*
- *Garantir a través da memoria de actividades a súa experiencia no campo da acción social, así como que dispoñen da estrutura suficiente para cumprilos seus obxectivos.*
- *Estar ó corrente das súas obrigacións tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda Municipal. No suposto de ter recibido con anterioridade subvencións deste Concello, en materia de acción social, ter cumprido as obrigacións derivadas da súa concesión. Aquelas entidades que non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria 2004, non poderán acceder á presente.*

Sexta.- Presentación de solicitudes e documentación.

As asociacións e entidades poderán presentalas súas peticións a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, mediante a presentación da solicitude de subvención segundo modelo que figura no Anexo I.

Documentación:

1. *Orzamento detallado de ingresos e gastos para o ano 2005, seguindo obrigatoriamente o modelo que se inclúe nas bases (Anexo II), no que se deberá incluíla obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións e Entes Públicos ou Privados asinado polo presidente ou secretario da entidade.*
No caso de ter solicitado, pero non haber obtido resolución, deberá facerse constar.
2. *Balance económico de gastos e ingresos do ano 2004 (Anexo III), asinado polo presidente ou secretario da entidade.*
3. *Documento acreditativo da inscrición no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Servizos Sociais ou de Familia segundo proceda, da Xunta de Galicia.*
4. *Documentación acreditativa de estar ó corrente das súas obrigacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.*
5. *Memoria xeral de actividades da entidade, relativa ó ano 2004, que indique ademais do número de socios a 31 de decembro de 2004, o organigrama da entidade, así como as actividades previstas para o ano 2005, asinado polo presidente ou secretario da entidade.*
6. *Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.*
7. *Certificación bancaria que incluíra o titular da conta – que deberá coincidir co da Asociación solicitante-, número de conta, nome da entidade e dirección completa.*

Aquelas entidades que soliciten subvención para programas, proxectos e/ou actividades deberán presentar tamén, debidamente asinado polo presidente

Documento do programa, proxecto ou actividade de acordo co anexo IV.

O formulario das solicitudes e demais documentos que se sinalan como Anexos I a V, poderán retirarse nas oficinas da Concellería de Asuntos Sociais.

Sétima.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para solicitadas subvencións será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó do anuncio que a tal efecto se publicará nos medios de comunicación da cidade e no taboleiro de anuncios do Concello.

Oitava.- Tramitación e corrección de erros.

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ó Departamento de Benestar Social.

Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio das mesmas e da documentación que debe de acompañalas. Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no art. 70 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas Bases resulte esixible, requirirase ó interesado, de acordo co detallado no artigo 71.1 da citada Lei, para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, si así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes, poderase citar ás asociacións para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.

A instructora do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base novena, facendo constar expresamente que da información que obra no seu poder, desprendese que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Rematada a instrucción do expediente, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décima.

Novena.- Criterios de valoración.

A valoración individual das subvencións determinarase en función dos seguintes criterios:

- a) Cobertura de necesidades dun sector prioritario dos Servicios Sociais mediante xestión de centros, servicios e programas de carácter estable ou permanente.*
- b) Cobertura de necesidades emerxentes de novos colectivos no ámbito dos Servicios Sociais.*
- c) Resultados das actuacións das entidades nos seus ámbitos respectivos.*
- d) Capacidade técnica e de xestión, así como grado de autofinanciamento para o desenvolvemento dos seus programas.*
- e) Grado de implantación municipal, atendendo ó número de membros e usuarios dos seus programas.*
- f) Fundamentación da necesidade do programa solicitado así como concreción do programa con relación ós obxectivos e inclusión de indicadores de avaliación.*

- g) *Importancia do sector ou ámbito ó que vai dirixido.*
- h) *Carácter innovador do proxecto.*
- i) *Colaboración de persoal voluntario nos proxectos da entidade.*
- j) *Duración do programa ou actividade.*

Valoraranse especialmente aqueles proxectos que complementen ou substitúan a actuación dos Servicios Sociais municipais.

Décima.- Valoración de solicitudes, resolución e seguimento.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da Comisión de avaliación da Concellería de Asuntos Sociais, integrada polo Concelleiro-Delegado que actuará de presidente, o Xefe do sector, a Xefa de sección de planificación e a Técnica do departamento xurídico-administrativo que actuará de secretaria, acordará concedelas subvencións con cargo ós orzamentos municipais do exercicio económico de 2005, por unha cantidade global de 75.000 €, con cargo á partida 3130.48900000 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.”

A Comisión de avaliación poderá chamar ós Técnicos da Concellería que considere oportuno, para ser oídos antes de formulala proposta de concesión de subvencións.

En dito acordo fixaranse as contías concedidas a cada asociación ou entidade, que en ningún caso excederán para funcionamento e mantemento, do 50% do custe total. O 50% restante deberá ser cuberto por achegas da propia entidade, ou doutros posibles financeiros, indicando a natureza das mesmas en canto a contía e procedencia, e acreditarase documentalmente na fase de xustificación da subvención.

Para actividades, proxectos, etc., poderase subvencionalo importe total.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Se non recae resolución expresa no prazo de cinco meses, a contar desde a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, deberá entenderse desestimada a solicitude. Contra a resolución expresa ou presunta, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo ou directamente na forma, prazo e condicións que determina a Lei reguladora de dita xurisdicción.

A Concellería de Asuntos Sociais establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e control das Entidades subvencionadas por calquera dos conceptos sinalados na base terceira. A tal fin, ditas entidades quedan obrigadas a facilitala tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.

Décimo primeira.- Xustificación e pago.

Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta de novembro de dous mil cinco.

A xustificación presentarse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Vigo da seguinte maneira:

- a) *Escrito dirixido á Concellería de Asuntos Sociais no que se relacionen os xustificantes aportados e as súas contías así como o total ó que ascenden.*
- b) *Documentos orixinais ordenados segundo se relacionan no escrito ó que se fai referencia.*

Como xustificantes do gasto presentaranse en orixinal, facturas, nóminas e documentos de pagos efectuados a Facenda e á Seguridade Social, polo importe subvencionado e fotocopias compulsadas ata un importe equivalente ó dobre de subvención concedida. Non se admitirán facturas duplicadas e as presentadas terán que estar emitidas a nome da entidade perceptora da subvención, reflexando de forma expresa que o seu pago foi efectuado, e en todos eles deberá figuralo visto e prace do presidente da entidade, así como:

- Nome ou razón social do provedor, co seu Nif ou Cif correspondente.
- Importe da factura e IVE no seu caso.
- Identificación completa de quen aboa o importe.
- Descrición suficiente da subministración ou servizo.
- Numero e data da factura.

Os efectos do pago da subvención polo Concello consideraranse gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a subvención tivese recaído sobre actividades e programas, a entidade deberá achegar ademais Memoria final da mesma, segundo formato que se achega no Anexo V, sendo a xustificación económica sempre relativa a dita actividade ou programa.

O pago da subvención efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada na solicitude e na forma regulamentaria.

Décimo segunda.- Obrigacións.

As asociacións e entidades subvencionadas están obrigadas a:

1. Cumprilo obxectivo, executalo proxecto, realizala actividade ou adoptalo comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Aportala documentación que figura nas Bases.
3. Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas por este Concello.
4. Someterse ó seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, que estime procedente levar a cabo a Concellería de Asuntos Sociais, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
5. Notificar á Concellería de Asuntos Sociais a obtención doutras subvencións axudas, ingresos ou recursos que financian as actividades subvencionadas, que deberán efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos
6. Asumilas responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas.
7. Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil correspondente.
8. Abonaras taxas, impostos, dereitos e tódolos gastos derivados da realización da actividade para a que se solicita a subvención.

Décimo terceira.- Revogación e réxime sancionador.

Procede a revogación das subvencións concedidas nos seguintes casos:

1. Incumprimento do programa que serviu de base para concedela subvención.
2. Non xustificala subvención no prazo concedido.

3. *Tódalas demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións.*

A revocación implicará que a entidade non poderá concorrer á convocatoria de subvencións do ano seguinte.

As entidades ou organizacións adxudicatarias de subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Igualmente, no suposto de que as achegas das Administracións ou entes públicos ou privados, superen o custe da actividade subvencionada polo Concello, a entidade estará obrigada ó reintegro do exceso obtido sobre o custe da actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarta.- Publicidade.

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina de internet www.vigo.org, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia tal extremo, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

As subvencións que se conceden a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerado, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos, con expresión do beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Tódalas entidades beneficiaranse pola concesión das subvencións, comprometéndose a colaborar co Concello de Vigo en calquera campaña ou programa de sensibilización que se promova pola Concellería de Asuntos Sociais.

Décimo quinta.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente Convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións

3 (258).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE MANTEMENTO E ACTIVIDADES DE PERSOAS MAIORES. EXPTE 11263/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.02.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social do 1.02.05, conformado pola xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, o xefe do Sector e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Bases, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente, que rexerán as subvencións a Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro para programas de mantemento e actividades de persoas maiores.

2º.- Comprometer o gasto do programa para o exercicio 2005 con cargo á aplicación 3130.4890000 por importe total de 25.000 € (vintecinco mil euros).

BASES CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SEN ANIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE MANTEMENTO E ACTIVIDADES DE PERSOAS MAIORES - CONVOCATORIA 2005

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, no seu artigo 21 atribúelle ós Concellos, entre outras, competencias no fomento dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades sen ánimo de lucro.

Co obxecto de fomentar a iniciativa de Asociacións no ámbito das persoas maiores, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións conforme ás seguintes Bases no marco xurídico da Lei 38/2003, de 17 de setembro, Xeral de Subvencións.

Primeira.- Obxecto.

É obxecto da presente convocatoria pública a concesión de axudas económicas a Asociacións de maiores, sen ánimo de lucro, para a realización de programas e actividades de promoción da súa área, que teñan implantación e desenvolvan as súas actividades en Vigo e que cumpran os requisitos que se indican nas bases para o exercicio de 2005, en réxime de concorrencia competitiva.

Poderán solicitarse subvencións que se regulan nestas bases as asociacións e entidades de persoas maiores que se atopan inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no rexistro municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo e forme parte do Consello Municipal de Persoas Maiores.

Segunda.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a 25.000€ (vintecinco mil euros).

Terceira.- Finalidade.

Contribuír ó financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito das persoas maiores.

As subvencións irán destinadas a cubrir gastos derivados de programas, proxectos e/ou actividades así coma do normal funcionamento e mantemento da entidade, favorecendo as que substitúan ou complementen as propias dos servizos sociais municipais.

Poderase solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.

Dos programas ou actividades subvencionables exclúense as seguintes:

- a) Actividades propias dos clubs deportivos excepto aqueles integrados por practicantes con algunha doenza.*
- b) Actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- c) As actividades que teñan canle específico de subvención por parte doutros sectores do Concello.*
- d) Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*
- e) Actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto.*

f) As persoas físicas ou xurídicas que non teñan como obxectivo nos seus estatutos especificamente a realización de actividades ou programas de persoas maiores.

Definición de conceptos subvencionables

- Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de electricidade e de auga, teléfono, fax, mantemento de equipos informáticos, etc.
- Non se consideran gastos de funcionamento e mantemento aqueles que supoñan unha inversión: mobiliario, equipos informáticos, equipos audiovisuais, electrodomésticos, teléfonos, móbiles, etc.; polo tanto, non serán aceptados.
- Son gastos derivados dos proxectos, actividades ou programas sociais que leven a cabo as entidades, os orixinados pola realización dunha actividade propia da entidade, contratación de persoal para a realización da mesma ou calquera outro que este directamente relacionado.

Cuarta.- Compatibilidade.

A concesión de subvencións ó amparo da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do programa ou servizo obxecto da subvención.

Serán incompatibles coas que sexan outorgadas ás entidades que xa perciban financiamento municipal, mediante convenio ou outra formula.

Quinta.- Requisitos.

- Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador e con implantación local.
- Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nun epígrafe correspondente a persoas maiores.
- Garantir a través da memoria de actividades a súa experiencia no campo das persoas maiores, así como que dispoñen da estrutura suficiente para cumprilos seus obxectivos.
- Estar ó corrente das súas obrigacións tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda Municipal. No suposto de ter recibido con anterioridade subvencións deste Concello, en materia da terceira idade, ter cumprido as obrigacións derivadas da súa concesión. Aquelas entidades que non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria 2004, non poderán acceder á presente.

Sexta.- Presentación de solicitudes e documentación.

As asociacións e entidades poderán presentalas súas peticións a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, mediante a presentación da solicitude de subvención segundo modelo que figura no Anexo I.

Documentación:

1. Orzamento detallado de ingresos e gastos para o ano 2005, seguindo obrigatoriamente o modelo que se inclúe nas bases (Anexo II), no que se deberá incluíla obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións e Entes Públicos ou Privados asinado polo presidente ou secretario da entidade.

No caso de ter solicitado, pero non haber obtido resolución, deberá facerse constar.

2. Balance económico de gastos e ingresos do ano 2004 (Anexo III), asinado polo presidente ou secretario da entidade.
3. Documentación acreditativa de estar ó corrente das súas obrigacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
4. Memoria xeral de actividades da entidade, relativa ó ano 2004, que indique ademais do número de socios a 31 de decembro de 2004, o organigrama da entidade, así como as actividades previstas para o ano 2005, asinado polo presidente ou secretario da entidade.
5. Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.
6. Certificación bancaria que incluírá o titular da conta – que deberá coincidir co da Asociación solicitante-, número de conta, nome da entidade e dirección completa.

Aquelas entidades que soliciten subvención para programas, proxectos e/ou actividades deberán presentar tamén, debidamente asinado polo presidente

Documento do programa, proxecto ou actividade de acordo co anexo IV.
--

O formulario das solicitudes e demais documentos que se sinalan como Anexos I a V, poderán retirarse nas oficinas da Concellería de Asuntos Sociais.

Sétima.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para solicitadas subvencións será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó do anuncio que a tal efecto se publicará nos medios de comunicación da cidade e no taboleiro de anuncios do Concello.

Oitava.- Tramitación e corrección de erros.

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ó Departamento de Benestar Social.

Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio das mesmas e da documentación que debe de acompañalas. Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no art. 70 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas Bases resulte esixible, requirirase ó interesado, de acordo co detallado no artigo 71.1 da citada Lei, para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, si así non o fixese, terásele por desistido da súa petición, previa resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes, poderase citar ás asociacións para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.

A instructora do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base novena, facendo constar expresamente que da información que obra no seu poder, desprendese que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Rematada a instrucción do expediente, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décima.

Novena.- Criterios de valoración.

A valoración individual das subvencións determinarase en función dos seguintes criterios:

- a) Calidade da actividade ou programa que se propón.
- b) Resultados das actuacións das entidades nos seus ambitos respectivos.
- c) Capacidade técnica e de xestión, así como grao de autofinanciación para o desenvolvemento dos seus programas.
- d) Grao de implantación municipal, atendendo ó numero de membros e usuarios dos seus programas.
- e) Fundamentación da necesidade do programa solicitado así como concreción do programa con relación ós obxectivos e inclusión de indicadores de avaliación.
- f) Carácter innovador do proxecto.
- g) Colaboración de persoal voluntario nos proxectos da Entidade.
- h) Duración do programa ou actividade.

Valoraranse especialmente aqueles proxectos que complementen ou substitúan a actuación dos Servicios Sociais municipais.

Décima.- Valoración de solicitudes, resolución e seguimento.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da Comisión de avaliación da Concellería de Asuntos Sociais, integrada polo Concelleiro-Delegado que actuará de presidente, o Xefe do sector, a Xefa de sección de planificación, e a Técnica do departamento xurídico-administrativo que actuará de secretaria, acordará concedelas subvencións con cargo ós orzamentos municipais do exercicio económico de 2005, por unha cantidade global de 25.000 €, con cargo á partida 3130.48900000 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.”

A Comisión de avaliación poderá chamar ós Técnicos da Concellería que considere oportuno, para ser oídos antes de formulala proposta de concesión de subvencións.

En dito acordo fixaranse as contías concedidas a cada asociación ou entidade, que en ningún caso excederán para funcionamento e mantemento, do 50% do custe total. O 50% restante deberá ser cuberto por achegas da propia entidade, ou doutros posibles financeiros, indicando a natureza das mesmas en canto a contía e procedencia, e acreditarase documentalmente na fase de xustificación da subvención.

Para actividades, proxectos, etc., poderase subvencionalo importe total.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Se non recae resolución expresa no prazo de cinco meses, a contar desde a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, deberá entenderse desestimada a solicitude. Contra a resolución expresa ou presunta, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo ou directamente na forma, prazo e condicións que determina a Lei reguladora de dita xurisdicción.

A Concellería de Asuntos Sociais establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e control das Entidades subvencionadas por calquera dos conceptos sinalados na base terceira. A tal fin, ditas entidades quedan obrigadas a facilitala tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.

Décimo primeira.-Xustificación e pago

Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta de novembro de dous mil cinco.

A xustificación presentarase no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Vigo da seguinte maneira:

- a) Escrito dirixido á Concellería de Asuntos Sociais no que se relacionen os xustificantes aportados e as súas contías así como o total ó que ascenden.
- b) Documentos orixinais ordenados segundo se relacionan no escrito ó que se fai referencia.

Como xustificantes do gasto presentaranse en orixinal, facturas, nóminas e documentos de pagos efectuados a Facenda e á Seguridade Social, polo importe subvencionado e fotocopias compulsadas ata un importe equivalente ó dobre de subvención concedida. Non se admitirán facturas duplicadas e as presentadas terán que estar emitidas a nome da entidade perceptora da subvención, reflexando de forma expresa que o seu pago foi efectuado, e en todos eles deberá figuralo visto e prace do presidente da entidade, así como:

- Nome ou razón social do provedor, co seu Nif ou Cif correspondente.
- Importe da factura e IVE no seu caso.
- Identificación completa de quen aboa o importe.
- Descrición suficiente da subministración ou servizo.
- Numero e data da factura.

Os efectos do pago da subvención polo Concello considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a subvención tivese recaído sobre actividades e programas, a entidade deberá achegar ademais Memoria final da mesma, segundo formato que se achega no Anexo V, sendo a xustificación económica sempre relativa a dita actividade ou programa.

O pago da subvención efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada na solicitude e na forma regulamentaria.

Décimo segunda.- Obrigacións.

As asociacións e entidades subvencionadas están obrigadas a:

1. Cumprilo obxectivo, executalo proxecto, realizala actividade ou adoptalo comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Aportala documentación que figura nas Bases.
3. Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas por este Concello.
4. Someterse ó seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, que estime procedente levar a cabo a Concellería de Asuntos Sociais, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

5. *Notificar á Concellería de Asuntos Sociais a obtención doutras subvencións axudas, ingresos ou recursos que financian as actividades subvencionadas, que deberán efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos perdidos*
6. *Asumilas responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas.*
7. *Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil correspondente.*
8. *Abonaras taxas, impostos, dereitos e tódolos gastos derivados da realización da actividade para a que se solicita a subvención.*

Décimo terceira.- Revogación e réxime sancionador.

Procede a revogación das subvencións concedidas nos seguintes casos:

1. *Incumprimento do programa que serviu de base para concedela subvención.*
2. *Non xustificala subvención no prazo concedido.*
3. *Tódalas demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións.*

A revocación implicará que a entidade non poderá concorrer á convocatoria de subvencións do ano seguinte.

As entidades ou organizacións adxudicatarias de subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Igualmente, no suposto de que as achegas das Administracións ou entes públicos ou privados, superen o custe da actividade subvencionada polo Concello, a entidade estará obrigada ó reintegro do exceso obtido sobre o custe da actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarta.- Publicidade.

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina de internet www.vigo.org, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia tal extremo, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

As subvencións que se conceden a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerado, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos, con expresión do beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Tódalas entidades beneficiaranse pola concesión das subvencións, comprometéndose a colaborar co Concello de Vigo en calquera campaña ou programa de sensibilización que se promova pola Concellería de Asuntos Sociais.

Décimo quinta.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente Convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

4 (259).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS PARA POÑER A DISPOSICIÓN DAS PERSOAS XORDAS UN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE 11298/301

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.02.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 28.02.05, conformado polo xefe do sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación de Xordos de Vigo, para poñer a disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos.

2º.- Prestar aprobación á disposición dunha cantidade de 15.785,58 (QUINCE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO CON CINCUENTA E OITO), con cargo á partida de Benestar Social 3130.227.06.02, como aportación municipal a este convenio.

3º.- Delegar a sinatura do convenio na persoa da Delegada da Área e Participación Cidadá, Dna. Marta Iglesias Bueno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO

Vigo, de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte Dona Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por Resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005 e segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2005

E doutra D. Miguel Ángel González Lloves, en calidade de Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, con DNI.:36.024.981-N, e domicilio en R/ Gregorio Espino, 38, entrechán, de Vigo.

Ámbalas dúas partes, recoñécense, mutuamente, con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio,

EXPOÑEN

1.- A ordenanza para a mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas do Concello de Vigo creou o Gabinete de Accesibilidade, como órgano encargado de garanti-lo cumprimento de dita ordenanza, propoñe-la introducción das melloras que en cada momento se estimen necesarias, declarar en determinados casos a imposibilidade da observancia dalgún dos criterios básicos previstos na mesma e, en xeral, cantas outras incidan directa ou indirectamente na materia obxecto de regulación municipal.

O obxecto desta ordenanza é iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha minusvalía, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

2.- Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promove-la supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Asimesmo no Capítulo IV do Regulamento de

desenvolvemento e execución da citada Lei de accesibilidade (RD/35/2000), no seu art. 54 faise referencia ós criterios de accesibilidade na comunicación que se establecen e que aparecen citados na base 7 do código de accesibilidade (anexo I do citado regulamento).

As administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos - cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

3.- Que os Concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei Galega de Servicios Sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servicios sociais.

4.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade en canto á calidade de vida das persoas xordas con respecto ó resto dos cidadáns vigueses.

5.- Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo deste convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Condicións básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, a través da posta a disposición destes dun intérprete da lingua de signos.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é ofrecer a tódolos discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que cubra todos aqueles servicios tales como reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos, éstos últimos que sexan organizados polo Concello de Vigo e/ou a Asociación de Xordos.

Terceira: Funcións - A Asociación de Xordos de Vigo será a encargada de contrata-los servicios do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planifica-lo traballo que vai desempeñar, así como avaliar e cantas outras accións sexan necesarias para a realización desta actividade.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Condicións - Os servicios a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”, é dicir, aquelas persoas que necesiten os servicios do intérprete, deberán chamar con antelación á Asociación de Xordos de Vigo comunicando os datos personais, data, lugar e materia para a que se require o servicio. Deberá terse en conta que non tódalas demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto o horario se refire, xa que a unha hora determinada pode encontrarse o intérprete realizando outro servicio.

Cando se trate de conferencias, ponencias ou similares, a organización do evento, respetará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorece-la recepción e a calidade da mensaxe, e ademáis facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

O horario de prestación de servicios será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Xordos como mellor convenga para os intereses das persoas que requiran o servicio.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garantiza-la confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servicios deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

O servicio será totalmente gratuito.

Quinta: Destinatarios - Serán destinatarios dos servicios do profesional intérprete de lingua de signos tódalas persoas xordas e oíntes veciños de Vigo que o precisen.

Sexta: Custo - O custo da execución total do convenio será de 15.785,58 (QUINCE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO CON CINCUENTA E OITO).- EUROS con cargo á partida 3130.227.06.02 de Benestar Social.

Sétima: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación de Xordos de Vigo:

* Miguel Ángel González Lloves
Presidente da Asociación de Xordos

* M^a Carmen González Lloves
Técnica da Asociación de Xordos

- Polo Concello de Vigo:

* Marta Iglesias Bueno
Delegada da Área de Participación Cidadá

* María Sierra Abraín
Técnica do departamento de Benestar Social

Oitava: Difusión do proxecto - A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do concello de Vigo.

Novena: Obrigas da Asociación de Xordos de Vigo - Polo presente convenio, a Asociación de Xordos comprométese a:

a - Desenvolve-las actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.

b - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc, motivadas polas accións emprendidas neste convenio.

c - *Facilita-la inspección, control, etc, de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.*

d.- *Presentar ó Concello informes de desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo.*

e.- *Atenerse ós horarios e condicións marcadas na cláusula cuarta.*

f.- *Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Consellería de Benestar Social.*

Décima: *Outras obrigas do Concello de Vigo - O Concello de Vigo obrígase ademais a:*

a - *Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*

b - *Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (quinze mil setecentos oitenta e cinco con cincuenta e oito euros) importe total para o tempo de vixencia do convenio.*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Undécima - *Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.*

Duodécima - *O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.*

De se-la Asociación de Xordos de Vigo a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Décimo terceira - *O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 15.785,58.- (QUINCE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO CON CINCUENTA E OITO).- EUROS, do xeito que se indica na cláusula sexta do presente convenio. O presuposto total do convenio distribuirase do xeito seguinte:*

Para o ano 2005: 11.839,185 €

Para o ano 2006: 3.946,395 €

Décimo cuarta - *O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia no apartado anterior, non poderá ser obxecto de incremento algún.*

Décimo quinta - *O pago deste convenio farase da seguinte maneira:*

O 50% do importe total (7.892,79.- EUROS) á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo da actividade. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, que tales actividades se ten iniciadas.

O segundo pago, que se corresponderá con un 25% do total (3.946,395.- EUROS) será tramitado unha vez que se xustifique por parte do responsable municipal coa conformidade do Presidente da Asociación de xordos de Vigo, que procede a segunda entrega por terse executado o convenio, cando menos, nun 50% de acordo co proxecto presentado, obxecto do mesmo.

O terceiro e derradeiro pago, por importe do 25% restante, efectuarase unha vez sexa xustificada a totalidade do proxecto polo funcionario referido e, certificado o cumprimento do convenio pola Unidade

Administrativa correspondente, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo e informe favorable da Comisión de Seguimento.

Décimo sexta - A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado de da-lo visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

Vixencia

Décimo sétima - O presente convenio entrará en vigor na data da súa asinatura, e estará vixente durante un ano.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio .

5(260).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 1/1031, 1/881, 23/919, 13/713 E 13/758.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Dolores Vilas Rodríguez. Expte. 1/1031.
- D^a María Querol Rosendo. Expte. 1/881.
- D^a M^a de las Mercedes Fernández Fernández. Expte. 23/919.
- D^a Francelina Fernández Iglesias. Expte. 13/713.
- D. Albino Anta Álvarez.

6(261).- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL- PLAN DE CONSTRUCCIÓN E MELLORA DE INSTALACIONES DEPORTIVAS 2003. EXPTE. 5202/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.05, que formula a proposta que de seguido se transcribe, co fin de xustificar as subvencións para mellora de instalacións deportivas convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra no BOP de data 18.03.03, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a Certificación Única, que comprende as certificacións 12, 13 e 14, acompañadas das correspondentes facturas, a favor de Arias Hermanos, S.A. pola Execución da obra do Polideportivo Municipal de Bouzas, por un importe total de 343.016,75 €, asinadas polo director da obra don Santiago González García.

2º.- Facer constar que non se recibiu nin solicitou calquera outra axuda ou subvención para a mesma obra.

3º.- Aprobar a Acta de Recepción da obra “Construcción dun pavillón polideportivo en Bouzas-Proxecto modificado”, de data 15.05.2003.

7(262).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS. EXPTE.1290/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 11.03.05, conformado pola técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local-Muller e pola interventora xeral, que di o seguinte:

“O Grupo de Estudos sobre a condición da Muller-Alecrín” ten adxudicado o contrato de xestión da Casa Municipal de acollida para mulleres maltratadas dende o 1 de xaneiro de 2004, tal e como indica a cláusula 2ª do contrato.

O importe total do contrato é de 166.052€ cota fixa, e unha cota variable orixinada polo prezo da praza ocupación/día 10,40€.

Como establece a cláusula 3ª do prego de condicións administrativas que rexen o contrato: “procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”.

Consultado o IPC xeral correspondente ao ano 2004 resulta que o índice a aplicar na factura da adxudicataria é dun 3,1%.

Polo tanto:

O Prezo actual do contrato para o periodo de xaneiro a decembro de 2005, ambos incluídos é de:

- Cota fixa: 166.052€*
- Cota variable praza ocupación/día: 10,40€*

O prezo do contrato aplicando a revisión de prezos para o periodo de xaneiro a decembro de 2005:

- Cota fixa: $166.052 \times 3,1\% = 5.147,61$*
- Cota variable: $10,40 \times 3,1\% = 0,322$*
- 31 prazas ocupación máxima $\times 365$ días $\times 0,322 = 3.643,43$*

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Casa Municipal de acollida para mulleres, durante o periodo de contrato de xaneiro a decembro de 2005, ambos incluídos, aplicando o IPC de 3,1%, de acordo coa cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexen o contrato.

2º.- Aprobar os gastos de 8.791,04€ con cargo á partida presupostaria 463 2227 0602 do presuposto en vigor.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(263).- PROPOSTA DE CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E IBERCAJA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA NO MUSEO MUNICIPAL DA EXPOSICIÓN “A MIRADA DE GOYA”. EXPTE 1499/337

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 30.03.05 e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 15.03.05, conformada polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e IBERCAJA, que consta no expediente, para a realización conxunta no museo municipal, durante o vindeiro mes de abril, da exposición “A Mirada de Goya” con fondos desa entidade dentro do seu programa de exposicións e con cargo ao seu vixente presuposto.

9(264).- DAR CONTA DA ESCISIÓN PARCIAL DA EMPRESA EULEN, S.A., ADXUDICATORIA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ESCOLA INFANTIL “ATALAIA” DE TEIS. EXPTE 3730/332

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación do 25.02.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A empresa Eulen, S.A. adxudicataria dos servizos de Xestión da Escola Infantil “Atalaia” de Teis por acordo da Xunta de Goberno de 28-05-1999, comunica a escisión parcial de dita sociedade pola que se segregou unha parte do seu patrimonio cuio contido consiste na prestación de servizos de natureza social e sanitaria e foi traspasada a sociedade denominada “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.”

Xunto co escrito de comunicación aporta a escritura de escisión parcial da sociedade Eulen, S.A. outorgada ante notario de Madrid D. Luis Nuñez Boluda o día 10-06-2004 co número 1636 do seu protocolo.

O Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas preve no seu artigo 112-6º que nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas da mesma continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, sempre que a entidade resultante ou beneficiaria manteña a solvencia esixida ó acordarse a adxudicación.

A empresa beneficiaria da escisión parcial “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.” ademais da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar achegou o certificado de estar en posesión da clasificación no grupo U (servizos xerais), subgrupo 05 (garderías infantís), categoría D (contratos con contías de anualidade media igual ou superior a 600.000 euros).

De acordo co eixido no artigo 15-1 do citado Texto refundido a solvencia económica, financeira e técnica será substituída pola correspondente clasificación cando esta fora esixible.

Para participar na licitación convocada no seu día esixiuse a clasificación grupo III, (servizos) subgrupo 8 (outros servizos), categoría b (contratos hasta 50.000.000 ptas) pero de acordo coa táboa de correspondencias que se recolle no anexo XII do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas esta se corresponde coa aportada pola empresa beneficiara da escisión, sendo superior a categoría da clasificación de esta que a esixida para participar na licitación.

A vista das anteriores circunstancias, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Darse por coñecida da escisión parcial de Eulen, S.A. pola que se segregou unha parte do seu patrimonio cuio contido consiste na prestación de servizos de natureza social e sanitaria e foi traspasada a sociedade denominada “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.”, sociedade esta última que se subroga nas obrigas e beneficios dimanantes do contrato de xestión da escola de primeira etapa de educación infantil de Teis adxudicado por acordo da Comisión de Goberno de 28-05-1999.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(265).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR Dª SEGUNDA LAGO PÉREZ CONTRA ACORDO DESESTIMATORIO DE SOLICITUDE DE DEFECTACIÓN TERREO. DESESTIMADO. EXPTE 16934/240

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.02.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Da Segunda Lago Pérez achega escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de abril de 2004, interpoñendo recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2004 na que se desestimaba a súa solicitude de desafectación do carácter público dunha franja de terreno da súa propiedade ubicada no Barrio da Carrasqueira nº 54 (agora Camiño das Veigas nº 33) por estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

A finca obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal. Así mesmo, a finca resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente e de acordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

A interesada, no seu escrito de recurso, se limita a incidir en cuestións de propiedade xa plantexadas durante a instrución do expediente, e que no seu caso son de competencia da xurisdicción ordinaria, sen entrar nos razoamentos xurídicos en virtude dos cales adoptouse o acordo agora recurrido e que non son outros que a aplicación dunha cláusula acordada polo Pleno desta Excm. Corporación no ano 1994, resolución que en virtude do artigo 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común se presume válida e produce efectos dende a data en que foi dictada e goza de executividade inmediata de acordo co artigo 94 da mesma lei.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ Desestimar o recurso de reposición interposto por Da. Segunda Lago Pérez mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(266).- SOLICITUDE DE CONSTITUCIÓN DE HIPOTECA SOBRE A CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO MERCADO MUNICIPAL DAS TRAVESAS. DESESTIMADA. EXPTE17220/240

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 3.02.05, sobre o asuntos de referencia, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Mediante escrito nº documento 40090651 de data 3.9.2004 de rexistro xeral, Dona Laura Carrizo Mosquera na súa condición de presidenta da “Asociación de empresarios do mercado das Travesas” de Vigo,

SOLICITA:

- a) Que se eleve a documento público o contrato de concesión de 24.10.1994 polo que se outorgou a adjudicación a asociación de empresarios do mercado das Travesas, coas posteriores aclaracións que no mesmo contrato se efectuaron por acordo plenario de 29.9.2003.*
- b) Interesa autorización do pleno para a constitución polo concesionario do servizo público do mercado, dunha hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada.*

Como fundamentación da súa pretensión aduce:

- Que se están efectuando obras de remodelación no edificio do mercado, autorizadas por licencia nº 48342 para 421 e que executa a empresa ORECO, S.A. e que a súa financiación ben correndo a través dos fondos obtidos pola asociación e para outros medios económicos.*
- Invoca amais en apoio da pretensión o contido da cláusula IV dun contrato suscrito entre mercadona e a asociación adjudicataria da concesión no que establecía uns pagamentos en diferentes datas, precisando que a asociación tiña que entregar un aval bancario contra as ditas aportacións nos termos referidos no escrito da asociación.*
- Subliña a concesionaria solicitante que se fixeron aportacións iniciais por importe de 300.000 € e precisa que entidades bancarias estarían dispostas a outorgar avales cunha hipoteca sobre a concesión administrativa que sería liberada á finalización da obra.*

Á vista da instancia referida nº 40090651 da xerocopia aportada como anexo ó contrato de arrendamento do inmovible para uso distinto a vivenda, sito no mercado das Travesas de Vigo, da xerocopia da formalización en documento administrativo do outorgamento da concesión da xestión e explotación do mercado municipal das Travesas no que en resume e conforme a normativa de aplicación constan os datos esenciais esixidos para a dita formalización, no expediente de contratación administrativa mediante xestión de servizo público incorporado ó expediente que se tramita e examinado ademais a solicitude de ampliación do prazo concesional resulta nos seus aspectos mais relevantes o que a continuación se indica:

1.- En data 30.11.1993 o pleno do Concello acordou altera-la forma de xestión actual dos mercados municipais do Berbés, Bouzas, Calvario, Progreso, Travesas e Teis, prestándose o servizo para o vindeiro mediante concesión administrativa de servizos, así mesmo aprobouse o prego de condicións que rexerían a contratación, o regulamento municipal dos mercados aplicable igualmente o réxime de concesión e se dispuxo por período regulamentario a exposición pública.

2.- Por acordo plenario de 31.8.1994 polo pleno municipal acordouse outorgar a concesión para a xestión e explotación do mercado municipal das Travesas a asociación de empresarios do dito mercado que ós efectos do presente expediente, o prazo contractual estableceuse en 25 anos computados a partir do 21.9.1994,

se ben tal prazo era susceptible de prórroga a solicitude da parte interesada a e mediante acordo expreso corporativo.

3.- Á vista da petición de solicitude de ampliación do prazo da concesión, foi desestimada polo acordo do pleno municipal de 29.9.2003, con fundamentación nos antecedentes e parte dispositiva que obran no expediente, precisándose que as prórrogas tense que rexer unicamente polo disposto no cláusula terceira do prego de condicións administrativas aprobadas o 30.11.1994.

4.- No expediente de contratación e en concreto no prego de condicións que rexeu o concurso para a concesión da xestión e a explotación dos mercados municipais, entre eles o das Travesas (acordo plenario 30.11.1993) no seu contido contractual, cláusula IV “relacións Concello-Concesionario” non se contén previsión algunha que faga referencia expresa a posibilidade de que o concesionario ostente dereito algún para grava-los bens o que de ser así, tería que mediar autorización expresa da corporación segundo o apartado 4º do artº 128.1 do Regulamento de Servicios das Entidades Locais-

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Primeiro.- Tal como se indicou no precedente parágrafo, segundo o artº 128.1 4ª constitúe unha obriga do concesionario de non allea-los bens afectos á concesión que houberan de reverter á entidade concedente nin grava-los agás autorización expresa da corporación e conforme o xa indicado no prego de condicións que rexeu a contratación como igualmente se puxo de manifesto nos antecedentes de feito da presente proposta, non se estableceu dereito algún que permitirá grava-los bens afectos á concesión do servizo público do mercado e polo tanto tense que entender ineludiblemente que a permisibilidade de grava-los baixo calquera modalidade e polo tanto por medio de hipoteca, que é o que se pretende polo concesionario, tiña que preverse no dito prego que constitúe a lei do contrato entre ámbalas dúas partes, concedente-concesionario, e do seu texto non resulta así..

Segundo.- Se ben a lexislación hipotecaria vixente contempla a posibilidade de hipotecar determinadas concesións administrativas tal como o hipotecarista ROCA SASTRE indica descarta a posibilidade de hipotecar as concesións administrativas derivadas un contrato de xestión de servizos públicos. Resulta obvio que a parte a calificación que nos servía se outorgou a concesión como de servizo público, resulta claro que a súa configuración legal non pode ser outra ó amparo do previsto no apartado letra g) do nº 2 do artº 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local., que a de servizo público municipal.

Terceiro.- A efectos de complementa-la fundamentación aludida anteriormente, é de significar que o código civil no artº 1874 dispón: “solo poderá ser obxecto do contrato de hipoteca: 1º. Os ven inmobles. 2º. Los dereitos reais enaxenables con arranxo as leis, impostos sobre bens de aquela clase”. O contido deste precepto repítese no artº 106 da Lei Hipotecaria.

Que dito ben –moble ou inmobile- son as concesións, pois solo no suposto de que estean incluídas nos artigos 1874 do CC e 106 da Lei Hipotecaria, serán susceptibles de ser hipotecadas. É tamén o CC o que da resposta. Así, o artº 336 dispón: “Teñen tamén a consideración de bens mobles... os contratos sobre servizos públicos”, e o artº 334.10: “Son bens inmobles... as concesións administrativas de obras públicas... e demais dereitos reais sobre bens inmobles”. Destes preceptos resulta que serán hipotecables as concesións demaniales e as de obras públicas, pero non as demais concesións de servizos públicos alleas a obras públicas.

Debe citarse, a maior abundamento do exposto, o artº 107.6 da LH, a teor do cal: “Poderán tamén hipotecarse... as concesións administrativas de minas, ferrocarrís, canales, pontes e outras obras destinadas a servizo público... e os artigos 31 e 60 do Regulamento Hipotecario que prevén a inscrición registral das concesións administrativas que afecten ou recaian sobre bens inmobles, como dereitos reais inscribibles no rexistro da propiedade amparo dos artigos 1 e 2 da Lei Hipotecaria.

Cuarto.- Para que poida inscribirse a hipoteca da concesión administrativa é necesario que esta sexa enaxenable, segundo os citados artigos 1874 del CC y 106 da LH. En consecuencia, si unha lexislación sectorial impide a transmisión non será posible a hipoteca e si esixe o outorgamento de autorización administrativa para a transmisión o gravame da concesión estaremos ante un requisito esencial para que a mesma sexa enaxenable e, por tanto, hipotecable, de modo que sen a preceptiva autorización non se podería considerar validamente constituída a hipoteca nin debería, por tanto, ser inscrita. Este sería o caso, por exemplo do artº 61 da Lei de Augas respecto das concesións que impliquen un servizo público.

Agora ben, cando a lexislación sectorial que non é o caso neste procedemento, admita o gravame da concesión, será posible a constitución da hipoteca (sempre que se cumpran os requisitos examinados no apartado anterior), pero non poderá someterse a constitución de hipoteca a autorización administrativa con efectos fronte a terceiros (erga omnes), pois as prohibicións negociables de enaxenar (o, por asimilación, de hipotecar) solo teñen acceso ó Rexistro da Propiedade si son establecidas polos actos a título gratuito (artº 26.3 da LH), do modo que as prohibicións impostas en negocios a título onerosos (como un contrato administrativo) non terán acceso ó rexistro (artº 27 da LH), de sorte que o seu incumprimento solo produce a obrigaçión de indemnizar danos e prexuízos.

Quinto.- En relación coa petición de elevación a público do contrato de concesión outorgado o 25.10.1994 polo que se outorgou a concesión á asociación de empresarios das Travesas coas posteriores aclaracións que do mesmo se efectuaron o día 29.7.2003 non existe inconveniente legal algún en acceder á petición se ben a formalización do contrato en documento administrativo que consta no expediente é título suficiente para acceder a calquera rexistro público, tal como é o caso, de interesar o concesionario que se eleve a escritura pública, serán da súa conta os gastos derivados da escritura pública notarial que se autorice, conforme ó previsto no artº 54 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En razón ó exposto nos antecedentes fácticos e consideracións xurídicas, propónse a Xunta de Goberno Local, conforme a competencia que lle atribue o apartado letra f) do nº 1 do artº 127 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local.

- Acepta-la petición de elevación a escritura pública notarial do contrato de concesión formalizado en documento administrativo o 24.10.1994 asinado entre o alcalde-presidente e polo representante da asociación de empresarios do mercado das Travesas, sendo os gastos notarias e de inscrición en rexistros públicos por conta exclusiva do concesionario conforme o disposto no artº 54 do texto refundido 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Non autoriza-la constitución de hipoteca sobre a concesión da explotación do servizo público do mercado municipal das Travesas polas razóns anteriormente explicitadas nas precedentes consideracións xurídicas o ter o dito contrato a consideración de ben moble os efectos de constitución de hipoteca.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Acepta-la petición de elevación a escritura pública notarial do contrato de concesión formalizado en documento administrativo o 24.10.1994 asinado entre o alcalde-presidente e polo representante da asociación de empresarios do mercado das Travesas, sendo os gastos notarias e de inscrición en rexistros públicos por conta exclusiva do concesionario conforme o disposto no artº 54 do texto refundido 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2º.- Non autoriza-la constitución de hipoteca sobre a concesión da explotación do servizo público do mercado municipal das Travesas polas razóns anteriormente explicitadas nas precedentes consideracións xurídicas o ter o dito contrato a consideración de ben moble os efectos de constitución de hipoteca.

12(267).- SOLICITUDE DE D. ANTONIO REY GONZÁLEZ DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO TERREO DA SÚA PROPIEDAD NO CAMIÑO ESPIÑEIRO 2ª TRAVESÍA. DESESTIMADA. EXPTE 16902/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.03.05, conformado pola xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Antecedentes:

Don Antonio Rey González presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de marzo de 2004, solicitando a descatalogación do carácter público dunha franxa de terreo da súa propiedade ubicada no Camiño de Espiñeiro 2ª Travesía, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como camiño público, e que se clasifique como público o camiño que bordea a súa propiedade. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

O Arquitecto municipal, tras xirar visita de inspección, presenta informe, en 23 de abril de 2004, no que expón que non é competencia súa pronunciarse sobre a variación da traza do camiño que comunica o camiño de Espiñeiro coa Avenida de Doña Fermina aprobada polo Acordo Plenario de 4 de maio de 1993. En novo informe de data 18 de febreiro de 2005 manifesta que o camiño está afectado na súa totalidade polas aliacións do trazado viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais, como bens de uso público local, entroutros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- A franxa de terreo obxeto de reclamación figura como camiño público no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- A franxa de terreo resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, segundo resulta do informe técnico citado, e de acordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a solicitude de Don Antonio Rey González, de descatalogación do carácter público dunha franxa de terreo da súa propiedade ubicada no Camiño de Espiñeiro 2ª Travesía, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como camiño público, por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(268).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS E AMPLIACIÓN DE PRAZO DA CONCESIÓN DO RESTAURANTE “AS DORNAS”, NA PRAIA DE SAMIL. DESESTIMADA.EXPTE. 17113/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 18.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Don Félix Goberna Costas presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de outubro de 2004, no que expón que é titular da concesión administrativa para a construción e explotación do bar e restaurante “As Dornas” na praia de Samil, a cal atópase vixente e en plena actividade, e que habendo tido coñecemento da intención da Concellalía de Medio Ambiente de levar a cabo unha serie de actuacións para a mellora da praia de Samil, consistentes na mellora dos accesos e dotar as praias de máis servizos, achega un anteproxecto de pavillón de servizos sanitarios públicos e duchas e comprométese a realizar o proxecto de execución e as obras ó seu cargo nun prazo de nove meses contados a partir do día seguinte ó que se lle comunique formalmente a licencia de autorización asumindo tanto os gastos de construción e mantemento, obras para as que solicita autorización administrativa, e como contrapartida solicita que o Ecmo. Concello de Vigo lle conceda unha prórroga da concesión administrativa da que é titular por prazo de 15 anos.

Por Acordo Plenario de 30 de xaneiro de 1976 foi otorgada unha concesión administrativa por prazo de 30 anos a Don Félix Goberna Costas para a construción e explotación dun restaurante na praia de Samil, propiedade que consta no Inventario Municipal de bens e dereitos co nº 000176.

Segundo o Acordo da Comisión Municipal Permanente de 8 de xaneiro de 1980 o prazo de 30 anos otorgado a Don Félix Goberna Costas para a explotación do restaurante 3-M-1, na praia de Samil, debe contarse a partir do día 10 de xaneiro de 1977, data na que lle foi notificado o acordo plenario de 30 de decembro de 1976.

Dacordo co artigo 80 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais, nas concesións sobre bens de dominio público o prazo de utilización terá carácter improrrogable.

Consonte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ Denegar a solicitude de autorización de obras a Don Félix Goberna Costas ó vincular as obras á ampliación do prazo concesional e ser este improrrogable consonte o disposto no artigo 80 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(269).- ABOAMENTO DE COTA Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE ROSALÍA DE CASTRO 41-Z POLA PROPIEDAD DUN BAIXO EN DITO EDIFICIO. EXPTE 17158/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.03.05, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 31.01.05, que di o seguinte:

O Concello de Vigo é propietario dun baixo situado na rúa Rosalía de Castro 41-Z, dito local foi cedido gratuitamente a este Concello, formalizándose tal cesión en escritura pública de data 5 de xulio de 2002, e figura inscrita no Rexistro da propiedade nº 1 de Vigo co número de finca 74969.

Por parte do administrador da Comunidade de propietarios, do inmovible no que se atopa dito baixo, reclama as cotas de Comunidade, que como propietario, debe o Concello dende xullo de 2002 ata o mes de novembro de 2004, ascendendo ésta, a un total de 791,40 euros.

Adxunta con tal petición copia da acta da Xunta de Propietarios da Comunidade de Rosalía de Castro, 41,Z, nas que se fixan os importes das cotas correspondentes a locais socioculturales, e que segundo a mesma son de 26,38 euros mes, polo que o importe reclamado é correcto.

Polo exposto anteriormente, e dado que na Lei 49/60, de Propiedade horizontal, e segundo redacción dada pola Lei 8/99 de 6 de abril, os gastos comúns do inmovible, serán imputables a cada un dos propietarios, en proporción a cota de participación que estes teñan no inmovible, proponse á Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Aboar á Xunta de Comunidade de propietarios do inmovible situado na rúa Rosalía de Castro 41,Z, a cantidade de 791,40 euros, en concepto de cotas de Comunidade correspondentes aos meses de xullo de 2002 a novembro de 2004, pola propiedade do baixo do que o Concello é propietario no mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(270).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes emitidos por Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se detallan, xa que as obras e subministracións obxecto de constitución da fianza foron realizadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- A) SIMCO, S.L. A fianza por importe de 1.034,68 € constituída para responder das obras de acondicionamento da alameda de Valadares, xa que foron recibidas mediante acta de 29.10.02 por se executaren vonforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrello prazo de garantía. Expte. 624/241.
- B) LAPPSET ESPAÑA VR. S.L. A fianza por importe de 803,15 € constituída para responder da subministracións de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 10.03.03 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte. 573/241.

16(271).-RECLAMACIÓNS DE DANOS:

A) ZURICH ESPAÑA (LUIS MIGUEL FERNÁNDEZ LORES). EXPTE 6/243. RESPONSABLE CESPA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.05, en relación coa reclamación de Zurich España, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. de danos causados ao vehículo do seu asegurado don Luis Miguel Fernández Lores pola caída dunha árbore mentres circulaba pola Avda. Castelao en dirección a Samil; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 10.03.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 16.03.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Zurich España, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. en nome do seu asegurado, don Luis Miguel Fernández Lores.

2º.- Declarar responsable dos danos á empresa concesionaria Cespa a cal debe indemnizala na contía de 1.090,92 € correspondente ao valor da reparación do vehículo.

3º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

B) MILAGROS GÓMEZ GIL. EXPTE 16442/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.05, en relación coa reclamación D^a María Milagros Gómez Gil por danos producidos ao cair nunha focha que había na beirarrúa da rúa Urzáiz, á altura da cafetería Alaska; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 10.03.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 14.03.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º. Estimar a reclamación de dona María Milagros Gómez Gil.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Movex Vial, S.L., empresa contratista do Excmo. Concello de Vigo para a realización das obras 3^a fase de humanización da rúa Urzáiz tramo Aragón/Martinez Garrido, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 2.892,06 euros.

3º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

C) ALICIA SALGADO RODRIGUEZ. EXPTE 15945/240. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.11.04, en relación coa reclamación D^a Alicia Salgado

Rodríguez de danos producidos ao cair na avda. de Castelao por mor do mar estado da beirarrúa, tropezando cun dos lastros e golpeándose na faciana; visto o ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia, do 20.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 2.03.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e a interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar parcialmente a reclamación de Dona Alicia Salgado Rodríguez, e indemnizala coa cantidade de 1.449,05 euros.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

D) JOSÉ CARLOS DAVILA. EXPTE 13926/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.02.05, en relación coa reclamación D. José Carlos Davila García por danos producidos no seu vehículo por un colector do lixo cando circulaba pola avenida Camposancos á altura do número 45; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 14.03.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 18.03.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Don José Carlos Davila García.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contener S.L., empresa concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rixe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 789, 80 euros.

3º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

17(272).- AXUDAS DE ESTUDIOS PARA O CURSO 2004-2005 (SEGUNDA CONVOCATORIA) CON CARGO Ó FONDO SOCIAL. EXPTE 15656/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión do Fondo Social de data 25.02.05, o informe de Intervención Xeral, de 29.03.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 11.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar o aboamento de axudas de estudos -curso 2004-05 (segunda convocatoria)-, por importe total de 7.680,00 € (SETE MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS) ós seguintes traballadores:

GRUPO A

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
COMESAÑA ARRIVAS LUÍS F.	139795	11239	2*3*3	245
LÓPEZ PIÑEIRO PILAR	33829412	22332	3	95
RODRÍGUEZ CARBALLO AGUSTÍN	35981050	77170	2	55
RODRÍGUEZ FRIEIRO RICARDO	33191960	16739	3*3	190
RODRÍGUEZ GARCÍA JOSÉ	33205043	9981	2*3*3*3	340
SANTISO GIL AVELINA	76809872	78718	3	95
VILLANUEVA GUIMERÁNS ANTONIO	52493256	78152	3	95
SUMA TOTAL				1115

GRUPO B

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
ADÁN FERNÁNDEZ, AURELIO	34606158	22438	3*3	220
CARNEIRO MINIÑO, PILAR	76986963	19028	2	75
GARCÍA GONZÁLEZ, M. TERESA	36077773	24093	1*2	130
GUTIÉRREZ ORÚE, FRANCISCO J.	13894232	13920	3*3	220
THOMAS BERBÉN, M. JOSÉ	8758892	16679	3	110
SUMA TOTAL				755

GRUPO C

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
CUARTERO EGIDO MARÍA JESÚS	35989863	8131	3	140
LÓPEZ RUIZ CARMEN	35980591	8094	3	140
SUMA TOTAL				280

GRUPO D

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
ALVAREZ TORRES ROGELIO	36073560	20920	1	105
BALLESTEROS BARCIA, JOSE A.	36014456	13994	3	185
BALLESTEROS COSTAS ROBERTO	36074998	22869	2	145
BARREIRA PAZOS ANTONIO	36090046	76431	1	105
CONDE VÁZQUEZ, MANUEL	34939021	22250	3	185
CRUZ PAZÓ SANTIAGO	35280705	22881	3	185
DAVILA ÁVAREZ ALFREDO	36065068	77037	3	185
FERNÁNDEZ RODRIGUEZ MANUEL	36039060	14953	2	145
NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
FONTELA GÓMEZ ANTONIO	36126762	79395	3	185
GARCÍA VEIRO, JOSÉ A.	36092316	76478	3	185
GUISANDE ESTEVEZ ENRIQUE	76745002	12500	3	185
IGLESIAS FERNANDEZ CARLOS	36011871	14960	2*2	290
LEÓN QUINTANA ROSARIO	51056523	22740	3	185

LÓPEZ CAMPOS MARCOS	36047994	21930	2	145
LÓPEZ SANTANA, ANTONIO J.	36157712	79359	3	185
NOVOA RODRÍGUEZ, CAROLINA	36024247	22007	3*3*3	555
PARDO LÁZARA GERMÁN	36117935	78128	3	185
OTERO FERNÁNDEZ BELÉN	36091720	78832	1	105
PELETEIRO LOGROÑO JOSÉ J.	35301682	20793	2*2	290
SÁNCHEZ SÁEZ JOSÉ R.	35989903	16202	2	145
SAYAR VILA JESÚS	36000727	14640	3	185
SOLVEIRA DE LA FUENTE FERNANDO	32632291	20913	3	185
SOTO FERNANDEZ M. CARMEN	36128761	23484	1	105
VÁZQUEZ VARELA JOSÉ M.	36071670	18170	3	185
VICENTE FERREIRA, JOSÉ I.	34874839	76476	2	145
VILLAR DOMÍNGUEZ MANUEL	36010951	18483	3	185
ZARAGOZA BASTOS JUAN A.	35997115	17704	2*3	330
SUMA TOTAL				5200

GRUPO E

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	CLAVE	EUROS
ARANGO FERNÁNDEZ, JOSÉ M.	36085308	23277	2	165
GARCÍA SOTO FRANCISCO J.	36029618	79367	2	165
SUMA TOTAL				330

Segundo.- O precedente reparto –que ascende á cantidade de 7.680 € fíxose de acordo co seguinte baremo:

CLAVES	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D	GRUPO E
CLAVE 1	45	55	75	105	125
CLAVE 2	55	75	100	145	165
CLAVE 3	95	110	140	185	220

CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR
CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR

18(273).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2005. EXPTE 15664/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de FEBREIRO-2005, e que ascenden a un total de 598'24 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

19(274).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL QUE POR NECESIDADE DO SERVIZO TRABALLOU O 24 E 31 DE DECEMBRO DE 2004. EXPTE15660/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ao persoal da Policía Local que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comencan por don Constante Alonso Caride e rematan por don Enrique Villar Sánchez, unha gratificación por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro 2004, e no mesmo horario os días 31 de decembro 2004 e 1 de xaneiro actual, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascenden a un total de 15.819'33 € (QUINCE MIL OITOCENTOS DEZANOVE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS).

20(275).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2005. EXPTE 15661/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de FEBREIRO-2005 e que ascenden a un total 573 € (CINCOCENTOS SESENTA E TRES EUROS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

21(276).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2005. EXPTE 15662/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García e que ascende a un total de 41'80 € (COARENTA E UN EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), correspondente o mes de FEBREIRO de 2005 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(277).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2005. EXPTE 15665/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de FEBREIRO-2005, e que ascenden a un total de 1.135'65 € (MIL CENTO TRINTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

23(278).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. ANGEL POSADA OITAVÉN POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL - 4º TRIMESTRE 2004. EXPTE 11117/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Angel Posada Oitavén (nº persoal 14516) aboarásele por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 183 € (CENTO OITENTA E TRES EUROS), correspondentes o 4º TRIMESTRE do ano 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

24(279).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2005. EXPTE 15663/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Iglesias Ferreira e remata por don Gabriel Alonso Álvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de XANEIRO-2005, e que ascenden a un total de 186'96 € (CENTO OITENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(280).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2005. EXPTE 15670/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 18.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios](#) e rematan [por don Jesús Castro Naveiras do Museo de Castrelos](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 62.716'41 € (SESENTA E DUAS MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON COARENTA E UN CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de FEBREIRO de 2005.

26(281).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO 2004 E FEBREIRO 2005 (INCLÚE HORAS DE SETEMBRO E XULLO). EXPTE 15675/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 23.03.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de OUTUBRO-2004 e FEBREIRO-2005 (inclue horas de xullo e setembro-2004), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achegan no expediente e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 474 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achegan no expediente e que comeza por don José Carlos Alján Martínez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total e 448'00 horas.
- Policía Local, relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Aballe González e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 2.548'85 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 634'25 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Angel Fernández Alonso e rematan por dona M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 27'30 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e comeza por de don José Frojan Villaverde e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 90'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 305'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 134'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 347'00 horas.
- Relacións Públicas, relación que se achega no expediente e que comezan por dona Mercedes Rivero Troncoso e rematan por don Jesús Castro Naveiras, por un total de 128'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 36.807'69 € (TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS).

27(282).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGÓN ELABORADO POLO SERVICIO DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 3229/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións, do 9.02.05, técnicas asinado polo xefe do Parque Móbil, polo coordinador de Área de Servizos Serais e polo concelleiro delegado, e o prego de cláusulas administrativas do 16.02.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a contratación da subministración dun vehículo furgón para o Parque móbil municipal, visto o informe do titular da

Asesoría Xurídica, do 5.03.05, e de acordo co informe-proposta do xefe Admtvo. de Vías e Obras, do 14.03.05, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o xefe do Parque Móbil, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministración dun vehículo furgón elaborado polo Servizo de Parque Móbil con data 9.02.05.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 16.02.05 para a contratación polo procedemento negociado sen publicidade da subministración dun vehículo furgón para o servizo de Parque Móbil.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación da subministración dun vehículo furgón para o Parque Móbil municipal con cargo á partida 121.2.624.00.00 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 21.790 €.

4º.- Iniciar o procedemento de negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

28(283).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO 2005.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe do técnico de Intervención Xeral do 29.03.05, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os seguintes gastos de locomoción do persoal municipal correspondentes ao mes de Marzo de 2005, que deberán aboarse na nómina do mes de abril:

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1211	Persoal	128,18
1212	Parque Móbil	266,39
2220	Seguridade	692,41
3130	Benestar Social	37,74
3220	Desenvolvemento Local e Emprego	39,78
4220	Educación	473,65
4324	Electromecánicos	203,15
4420	Limpeza	1.409,98
4430	Cemiterios	118,32
4513	Museo Quiñones de León	14,28
5110	Vías e Obras	2.059,21
TOTAL		5.443,09

29(284).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ATENCIÓN DA OFICINA MÓBIL DE INFORMACIÓN XUVENIL DENOMINADA “INFOBUS”. EXPTE. 1286/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas técnicas de data 1.03.05, asinado pola técnica coordinadora do CIDX e conformado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de Xuventude, e o prego de cláusulas administrativas do 4.03.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación; visto o informe xurídico do 24.02.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 5.03.05, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 36.000 euros/ano para a contratación da asistencia técnica para a atención da oficina móbil de información xuvenil denominada “Infobus do concello de Vigo” que se imputarán á partida 452.0.227.06.02 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación da asistencia técnica para a atención da oficina móbil de información xuvenil denominada “Infobus” do Concello de Vigo .

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

30(285).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E INFORMACIÓN XUVENIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1283/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas técnicas de data 1.03.05, asinado pola técnica coordinadora do CIDX e conformado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de Xuventude, e o prego de cláusulas administrativas do 5.03.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación; visto o informe xurídico do 3.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 4.03.05, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 92.279 euros/ano para a contratación da asistencia técnica para o asesoramento e información dos xoves do concello de Vigo que se imputarán á partida 452.0.227.06.03 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación da asistencia técnica para o asesoramento e información xuvenil do Concello de Vigo .

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

31(286).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E COIA. EXPTE. 1285/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas técnicas asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de dito servizo, e o prego de cláusulas administrativas do 4.03.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación; visto o informe xurídico do 1.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 4.03.05, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Autorizar o gasto de 115.197,12 euros/ano (57.598,56 euros por ludoteca e ano) para a contratación do servizo das ludotecas da casa da Xuventude e Coia que se imputarán á partida 452.0.227.06.00 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación por lotes dos servizos das ludotecas da casa da Xuventude e Coia.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

32(287).- BASES DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E CON CONCERTO PLENO DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), PRIMARIA E SECUNDARIA, 2005-2006. Extpe. 11310/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 21.03.05 e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 16.03.05, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos ou con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2005/06.

2º.- Aprobar o gasto de 100.000 euros para axudas municipais escolares de libros e material escolar para o curso 2005/06. Esta cantidade deberá librarse a Mª Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.

3º.- Aprobar o gasto de 300.000 euros para axudas municipais escolares de comedor para o curso 2005/06. Desta cantidade 112.500 euros imputaranse ao exercicio 2005, o resto, 187.500 euros con cargo ao exercicio do ano 2006. Ambas as dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar na conta habilitada do departamento a nome de M^a Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R.

BASES AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E CON CONCERTO PLENO DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, CURSO 2005/2006.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, no artigo 21 atribúelles aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Do mesmo xeito, o artigo 50 determina que as administracións poderán conceder, nas condicións que legal e regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade, marxinación social, necesidade material, etc.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros e comedor leva facéndose no Concello de Vigo 18 anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a nenas e nenos matriculados en centros públicos ou con concerto pleno, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros e comedor, conforme ás seguintes bases, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de colexios públicos e privados concertados con concerto pleno, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2005-2006.

As axudas de libros e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas.

As modalidades de subvención serán:

- 1. Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.*
- 2. Axudas para comedores escolares.*

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

O fin último destas subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais ou titores e acolledores, apoiando a unidade familiar que por escaseza de recursos económicos non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 400.000 €, considerados na partida 3130.4810000 do orzamento de gastos do presente exercicio, coa seguinte distribución:

100.000 euros para axudas á adquisición de libros e material escolar.

300.000 euros para axudas de comedor

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet www.vigo.org, anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 18 de abril ao 6 de maio, ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerada, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión do solicitante, cantidade concedida e finalidade da subvención, asemade relacionaranse os demais solicitantes coa resolución recaída.

CUARTA.- Beneficiarios

A presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por concorrència competitiva.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios estarán o deberán estar matriculados, para o curso 2005/2006, en centros públicos ou concertados no seguintes cursos:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria
 - 1º ciclo 6 a 8 anos
 - 2º ciclo 8 a 10 anos
 - 3º ciclo 10 a 12 anos
- Educación secundaria obrigatoria 12 a 16 anos

QUINTA.- Compatibilidade

A percepción das axudas de libros, material escolar e comedor, son incompatibles con outras que lle fosen outorgadas ao beneficiario individualmente para a mesma finalidade, excepto as que conceda o propio Concello de Vigo a través da FOANPAS para comedor.

Sen embargo, non poderán acceder ás axudas de libros e material escolar aquelas familias con nenos matriculados nos cursos nos que está implantada ou se implante para o curso 2005-2006, a gratuidade dos libros a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como os tutelados pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Especificamente, non se concederán axudas municipais escolares de libros a aqueles menores dos que se teña coñecemento que repiten curso.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no concello de Vigo.
- Convivir cos menores para os que se solicitan as axudas.
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.
- Con respecto á axuda de comedor debese contar con praza no centro, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- Que os/as menores para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante o prazo estipulado.
- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de 240,00 €.

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- a) *A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- b) *Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- c) *A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- d) *A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

Solicitude:

Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova adjudicación, na modalidade A da base cuarta, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I.

Documentación:

- a) *Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.*
- b) *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*
- c) *Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2003 correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar ou de convivencia, ou certificado negativo expedido pola Administración Tributaria.*
- d) *Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:*
 - *Para traballadores en activo; fotocopia das dúas últimas nóminas.*
 - *Para desempregados; certificación do INEM no que se indiquen as prestacións que percibe actualmente e no caso de situación de desemprego sen prestacións aportará certificado da vida laboral.*
 - *Para pensionistas; certificado da pensión/s mensual/ais, no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS.*
 - *Tamén se achegará xustificación de:*
 - *Axuda de integración ao menor.*
 - *Prestación por fillo a cargo.*

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados que só terán validez cando vaia acompañado de certificado de vida laboral.

No caso de que algúns documentos requiridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

- e) Certificado do centro escolar no que se indique que o alumno/a ten reserva de praza no comedor e curso de matriculación.
- f) No caso de separación ou divorcio, deberase acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.
- g) Certificación do grao de minusvalidez igual ou superior ó 33% emitido pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado de calquera membro da unidade familiar.
- h) Calquera outra que se considere conveniente na instrución do procedemento de concesión

Os perceptores da Renda de Integración Social (RISGA) unicamente achegarán o xustificante da contía mensual e certificado do centro escolar con indicación de ter reserva de praza no comedor e curso de matriculación.

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas correspóndelle ao Departamento de Benestar Social.

Recibidas as solicitudes procederase ao seu estudo e da documentación que debe de acompañalas. Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas bases resulta esixible, requirirase ao interesado, de acordo co establecido no art. 71.1 da citada Lei, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráse por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 indicada.

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que de determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrución do expediente, este remitirase á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de adxudicación por orde inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

Aspectos sociais

- *Por cada menor de 16 anos..... 1 punto*
- *Familia monoparental..... 3 puntos*
- *Por cada alumno solicitante en acollemento familiar..... 2 puntos*
- *Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego..... 2 puntos*
- *Perceptor/a de RISGA 5 puntos (incompatible con situación de desemprego)*
- *Descapacidade*
Por cada membro afectado por algunha minusvalía legalmente cualificada 1 punto
- *Cando o menor se atope en situación de desprotección ou risco, un máximo de 3,5 puntos.*

As situacións de desprotección ou risco valoradas polos/as técnicos/as de servizos sociais, corresponderán ás seguintes:

- *Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos de coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco0,50 puntos.*
- *Disfuncionalidade da dinámica familiar que se orixina pola tensión xerada polas situacións de inestabilidade laboral e/ou precariedade económica..... 0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coidadores (alcohol, drogas, discapacidades) 0,50 puntos.*
- *Problemas de desaxuste familiar ou socio-familiar que poida afectar ao desenvolvemento normalizado do menor 0,50 puntos.*
- *Problemas específicos do menor 0,50 puntos (rexeitamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.)*
- *Menores en proceso de intervención social en programas municipais .. 0,50 puntos.*
- *Menores que habitan en vivendas con características de infravivenda, chavolismo ou amoramento 0,50 puntos.*

TOTAL ATA..... 3,50 PUNTOS

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.

Aspectos económicos

A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.

SITUACIÓN ECONÓMICA UNIDADE FAMILIAR RENDA PER CÁPITA MENSUAL	PUNTUACIÓN
Entre 0 e 29,95 €	8,5
Entre 29,96 e 59,94 €	7,5
Entre 59,95 e 89,95 €	6,5
Entre 89,96 e 119,96 €	5,5
Entre 119,97 e 149,97 €	4,5
Entre 149,98 e 179,98 €	3,5
Entre 179,99 e 209,99 €	2,5
Entre 210,00 e 240,00 €	1,5

DÉCIMO PRIMEIRA.- Valoración de solicitudes

A Comisión de Valoración integrada polo/a concelleiro/a delegado/a que actuará de presidente; o xefe de Sector; a técnica responsable do programa e a técnica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria, elaborará a proposta de concesión tendo en conta o número de solicitudes puntuadas en relación cos créditos dispoñibles.

A proposta de concesión conterá a relación de todos os solicitantes que participan na convocatoria. Na relación indicaranse os beneficiarios, a puntuación obtida e a contía das axudas que globalmente non poderán superalo crédito consignado. Así mesmo figurarán as solicitudes que non acceden ás axudas coa puntuación obtida para os efectos que determina o derradeiro parágrafo da presente cláusula. Na relación faranse constar igualmente as solicitudes denegadas por incumprimento dalgún dos requisitos da cláusula sexta.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de Valoración, acordará conceder as subvencións con cargo ao orzamento do Concello do ano 2005, por uns importes máximos de 100.000 € para axuda de libros e material escolar e 300.000 € para comedor, con cargo á partida 3130.4810000 “Becas Libros e Comedor”.

A Comisión de avaliación poderá solicitarlles aos profesionais do Departamento de Benestar Social os informes que considere necesarios antes de formular a proposta de concesión das axudas.

O traslado de centro docente, dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte ao da notificación.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros e comedor, estas poderán ser cubertas por outros alumnos, independentemente do colexio ao que pertenzan, que téndoa solicitado, non se lle consolidase por ter un coeficiente de prelación do seu dereito que o sitúe fóra do crédito global consignado para axudas de libros e comedor, ou ben accedesen ao centro con posterioridade á convocatoria; a súa selección producirase como sinala a base décimo terceira.

DÉCIMO SEGUNDA.- Selección e adxudicación

A Comisión de Valoración elevará a proposta de adxudicación das axudas á Xunta de Goberno Local.

Se non recae resolución expresa no prazo de cinco meses, que contará desde a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, deberá entenderse desestimada. Contra da resolución expresada ou presunta, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo ou directamente na forma, prazo e condicións que determina a Lei reguladora da dita xurisdición.

DECIMO TERCEIRA.- Modalidade excepcional

Co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se puidese presentar ao longo do curso escolar, como á incorporación ao sistema educativo, poderá procederse á concesión de axudas de libros e comedor con carácter excepcional, debidamente xustificadas ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo primeira e conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos de concesión, acheguen a documentación requirida e exista dispoñibilidade orzamentaria.

DECIMO CUARTA.- Contía e pagamento das axudas

Para libros e e material escolar

Educación infantil (3,4 e 5 anos)	62,00 €
Educación primaria (6 a 11 anos)	86,00 €
Educación secundaria obrigatoria (12 a 16 anos)	116,00 €

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de talón bancario, tras a presentación de factura orixinal.

Nos casos excepcionais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráselle ao/a profesional da UBAS ou Programa, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

Para comedor

O prezo da praza de comedor será aprobado polo Consello Escolar de cada centro ou pola FOANPAS, extremo que deberá ser comunicado ao Departamento de Benestar Social do Concello.

A axuda municipal por este concepto, por mes e neno/a será de 40 € como máximo.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagado polo pai, nai ou titor.

A contía das axudas municipais escolares de comedor aboarase a mes vencido (de novembro a xuño) á conta bancaria do centro no que está matriculado o alumno/a.

Con anterioridade o Departamento de Benestar Social enviará o listado mensual ao centro, no que constará o nome do pai, nai, ou titor dos/as alumnos/as con axuda de comedor e o importe para aboar.

Na primeira semana de cada mes o pai, nai ou titor asinará no colexio o listado amentado no apartado anterior, o que constata que este servizo foi utilizado.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas do beneficiarios

Os beneficiarios das axudas de comedor deberán asumir as seguintes obrigas:

- *Utilizar o servizo de comedor agás causas xustificadas.*
- *Comunicarlles ás Unidade Básicas de Acción Social que lle corresponda por domicilio ou ó centro educativo as baixas.*
- *O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*
- *O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados mensuais da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a. De non ser así o Concello non fará efectivo o pago ao centro educativo; e poderá chegar mesmo a dar de baixa a axuda por incumprimento das normas estipuladas.*
- *O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SEXTA.- *Revocación e réxime sancionador*

Procede a revocación das subvencións concedidas nos seguintes casos:

- Non destinar a axuda ao fin para o que foi concedida*
- No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a este, sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou sete alternos no período dun mes, sen que lle fose comunicado ao centro ou ao Concello na forma prevista na base anterior.*
- Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

As entidades, beneficiarios, etc., quedarán sometidos ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- *Norma final*

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvención.

33(288).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS JOSÉ CASÁS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A FESTA DA RECONQUISTA EN BOUZAS. Expte. 70788/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 4.04.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS JOSÉ CASÁS para a ocupación da vía pública con motivo da celebración da Festa da Reconquista, en Bouzas, o 10 de abril do ano en curso.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa da Reconquista.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contedores ao departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

34(289).-DAR CONTA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS REFUNDIDO QUE REXERÁ O CONCURSO DO SERVIZO PÚBLICO DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA E XESTIÓN DE COBRO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 70443/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno local en sesión realizada o 21.03.05 aprobou o expediente de contratación da concesión administrativa do Servizo público de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos indebidamente estacionados na vía pública e xestión de cobro de vehículos indebidamente estacionados na vía pública, indicando que aos pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexerán o concurso debía incorporarse as modificacións propostas o 7.03.05 polo xefe da Área de Mobilidade.

Con data 1.04.05 o xefe de Negociado do Servizo de Contratación remite escrito dirixido á Xunta de Goberno local dando conta do cláusulado definitivo do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o concurso, unha vez refundido coa proposta do 7.03.05.

A Xunta de Goberno queda enterada.

35(290).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos Como secretaria dou fé.

me.

A SECRETARIA-CONCELLEIRA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molares Pérez.